



CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ESTADÍAS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR VISITANTE NO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA PARA O ANO 2026

O [Instituto da Lingua Galega](#) (ILG) convoca para o ano 2026 dúas axudas para a realización de estadías no seu centro por parte de Persoal Docente e Investigador (PDI) visitante pertencente a calquera universidade ou institución de Educación Superior de fóra de Galicia. Estas axudas son financiadas con cargo a unha subvención do Ministerio de Cultura do Goberno de España ([Real Decreto 663/2025, de 22 de julio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones destinadas a actuaciones de interés público, social y cultural relacionadas con diversos ámbitos de la cultura](#)). Esta convocatoria está suxeita ás seguintes bases reguladoras:

Primeira. Accións subvencionables

- 1.1 A convocatoria está destinada a subvencionar estadías de PDI procedente de calquera universidade ou institución de Educación Superior de fóra de Galicia para a realización de actividades de investigación que se vinculen coa [axenda científica](#) do ILG.
- 1.2 Concederanse axudas por un período mínimo de 2 semanas e máximo de 4 semanas. As estadías deberán rematar antes do 15 de novembro de 2026 e deben comezar despois da publicación dos resultados desta convocatoria. Non poderán realizarse no mes de agosto.

Segunda. Dotación das axudas

- 2.1 As axudas cubrirán exclusivamente gastos de desprazamento, mantenza e aloxamento.
- 2.2 O Instituto asignará a cada axuda un importe máximo de mil cincocentos euros (1500 €), independentemente de que os gastos de desprazamento, manutención e aloxamento superen esa cantidade. No caso de que os gastos sexan inferiores a 1500 €, aboarase o importe efectivamente xustificado. No caso de que a persoa beneficiaria reciba outra axuda polos mesmos conceptos, aterase ao exposto no apartado 8.2 desta convocatoria.
- 2.3 O aloxamento será en cuarto individual no Sistema Universitario de Residencias (SUR). No caso de que non haxa dispoñibilidade para as datas da estadía propostas, o ILG farase cargo dun máximo de 65,97€/día, de acordo coa tarifa establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, sen superar en ningún caso a cifra de 1500€.
- 2.4 O importe da axuda en concepto de mantenza será de 37,40 €/día de acordo



coa tarifa establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Terceira. Presentación de solicitudes

- 3.1 O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria. O prazo afecta tanto á presentación da solicitude a través deste [formulario](#) como ao envío da documentación complementaria que se debe achegar a través de correo electrónico e que se sinala na base seguinte.
- 3.2 As solicitudes deben presentarse a través deste [formulario](#). A documentación complementaria debe enviarse por correo electrónico á secretaría do Instituto da Lingua Galega (ilgsec@usc.gal). A documentación que se debe presentar por correo electrónico é a seguinte:
 1. CV dos dez últimos anos
 2. Copia do DNI ou do pasaporte do PDI visitante
 3. Documento debidamente cuberto onde se recolla a motivación da persoa solicitante para realizar unha estadía no ILG e os obxectivos desta; as actividades que se pretenden desenvolver durante o período da estadía para alcanzar eses obxectivos; e os resultados previstos, destacando o valor e beneficio que se derivan para o ILG. Debe empregarse o modelo dispoñible no [Anexo 1](#)
- 3.3 A presentación da solicitude implicará coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria. O incumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de exclusión.
- 3.4 As resolucións e os actos derivados da presente convocatoria publicaranse na páxina web do ILG e na Sede Electrónica da USC.

Cuarta. Resolución de solicitudes admitidas e excluídas

- 4.1 Dentro dos 15 días seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes e antes da súa valoración, a Comisión de Selección publicará na súa páxina web e na Sede Electrónica da USC a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas.
- 4.2 As persoas solicitantes excluídas poderán xustificar o seu dereito a ser admitidas no prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte da



publicación da relación provisional, quedando excluídas definitivamente de non facelo. Finalizado o prazo para reparar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión, publicarase a lista definitiva, xunto á proposta de adxudicación de axudas derivadas da base seguinte.

Quinta. Avaliación e selección

5.1 A Comisión de Selección estará integrada polos membros da Comisión Permanente do Instituto da Lingua Galega.

5.2 Para a adxudicación das axudas valoraranse os seguintes aspectos:

- Relevancia e viabilidade das actividades que se realizarán na estadía
- Vinculación das actividades propostas coa axenda científica do ILG
- Resultados esperados, destacando o seu valor e interese para o ILG
- Motivación para a realización da visita
- Currículum vitae
- Claridade expositiva

5.3 Concederanse un máximo de dúas axudas. Se só unha das propostas obtén avaliación positiva, concederase unha única axuda. Se ningunha resulta avaliada positivamente, a convocatoria declararase deserta.

5.4 A Comisión de Selección poderá crear unha lista de agarda que se activará no caso de que algunha das persoas seleccionadas renuncie á axuda concedida.

Sexta. Proposta de candidaturas seleccionadas e listaxe de agarda

6.1 Efectuada a valoración, a Comisión de Selección procederá á publicación da proposta provisional de adxudicación das axudas na Sede Electrónica da USC e na páxina web do ILG coa indicación dunha lista ordenada das candidaturas seleccionadas e, de ser o caso, a correspondente lista de agarda.

6.2 Contra esta proposta as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 5 días naturais, contados a partir do día seguinte da súa publicación. Transcorrido este prazo e analizadas, de ser o caso, as alegacións, publicarase a proposta definitiva.

6.3 O prazo máximo de resolución será de 1 mes contado a partir do día seguinte á data de publicación da adxudicación provisional. O efecto do silencio administrativo será desestimatorio.



Sétima. Obrigas das persoas beneficiarias das axudas

O PDI beneficiario das axudas deberá:

- 7.1 Posuír un seguro médico e de responsabilidade civil con validez en España durante todo o período da súa estadía no ILG.
- 7.2 Presentar unha memoria final da estadía no formulario establecido ([Anexo 2](#)). Este documento deberá ser entregado na secretaria do ILG (ilgsec@usc.gal) no prazo máximo de quince días a contar dende a data de remate da estadía.
- 7.3 Facer constar, en toda publicación, comunicación científica ou resultado de difusión derivado da estadía, a realización desta e o financiamento recibido ao abeiro da presente convocatoria.
- 7.4 Comunicar ao ILG a obtención de calquera outra axuda destinada á mesma finalidade, tal e como se detalla no apartado 8.2 desta convocatoria.

Oitava. Pagamento da axuda

8.1 O pagamento da axuda está condicionado:

- a) á presentación por parte da persoa visitante das facturas de desprazamento e aloxamento no prazo máximo de quince días contados desde a data de finalización da estadía;
- b) á presentación, no prazo máximo de quince días contados desde a data de finalización da estadía, da memoria final conforme ao formulario establecido no [Anexo 2](#);
- c) á realización das actividades previstas na solicitude, sen prexuízo de que poidan xustificarse na memoria desviacións debidamente motivadas;
- d) á comprobación da veracidade da información recollida na memoria, reservándose a entidade convocante o dereito a non aboar a axuda no caso de constatare inexactitudes ou incumprimentos substanciais.

8.2 A persoa beneficiaria está obrigada a comunicar ao ILG a obtención de calquera outra axuda destinada á mesma finalidade, tal e como se sinala no apartado 4 da base sétima desta convocatoria. No suposto de recibir financiamento complementario para desprazamentos, aloxamento ou manutención, o ILG aboará unicamente a contía necesaria para cubrir a parte non subvencionada pola outra axuda, sen que, en ningún caso, a achega do ILG poida superar os 1500 € por persoa beneficiaria e sen que a suma total das axudas percibidas



polos conceptos indicados exceda o gasto efectivamente realizado e debidamente xustificado. O incumprimento desta obriga dará lugar á perda total ou parcial da axuda concedida e poderá comportar o reintegro das cantidades percibidas en exceso, sen prexuízo doutras responsabilidades que puidesen proceder.

8.3 A aceptación da axuda por parte da persoa beneficiaria implica a aceptación das normas fixadas nesta convocatoria.

Novena. Réxime xurídico

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito ata que non se dite a resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Antonio López Díaz

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ,
REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/02/2026 09:43:19.

CSV: 3A17-5672-4268-81D1